

Benqueridas familias:

Comprácenos presentarlle a información facilitada pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que fai referencia ao procedemento de admisión e matrícula nos centros sostidos con fondos públicos da comunidade autónoma de Galicia.

NORMATIVA REGULADORA

DECRETO 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG 26 de decembro de 2012)

ORDE do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG 15 de marzo de 2013)

ORDE do 25 de xaneiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013. (DOG 1 de febreiro de 2017)

ÁREA DE INFLUENCIA: Concello de Arzúa

CENTRO DE ADSCRICIÓN: IES de Arzúa

1ª FASE: SOLICITUDE DE RESERVA

(exclusivo para o alumnado procedente dos centros adscritos)

1. Solicitud de reserva de praza no centro de adscrición mediante a presentación do Anexo I (modelo ED550A) no centro de orixe: 1-17 de febreiro, ambos os dous incluídos.
2. Data do sorteo público de letra de prioridade dos apelidos a efectos de desempate: última semana de febreiro.
3. Publicación de postos escolares vacantes: última semana de febreiro.

2ª FASE: SOLICITUDE DE ADMISIÓN

(para alumnado procedente doutros centros distintos dos adscritos) (tamén para alumnado procedente dos centros adscritos que non solicitaran a reserva do 1 ao 17 de febreiro)

1. Solicitud de admisión mediante a presentación do Anexo II (modelo ED550B) no centro solicitado no primeiro lugar de preferencia: 1-23 de marzo.
2. Presentación da documentación acreditativa dos criterios de baremo (só no caso de haber maior número de solicitudes que de prazas ofertadas): 26 de marzo ao 14 de abril, ambos os dous incluídos.

3. Publicación das listaxes provisionais de persoas admitidas e non admitidas: antes do 25 de abril.
4. Reclamacións ás listaxes provisionais: nos 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación.
5. Publicación das listaxes definitivas de persoas admitidas e non admitidas: antes do 15 de maio.
6. Adxudicación subsidiaria de praza noutro centro ao alumnado non admitido (por parte da comisión de escolarización, tendo en conta os centros solicitados no modelo ED550B no 2º lugar e seguintes).

3ª FASE: MATRÍCULA

1. Formalización da matrícula en E. Infantil e Primaria: Do 20 ao 30 de xuño mediante a presentación do modelo normalizado Anexo III.
2. Formalización da matrícula en ESO e bacharelato: Do 25 de xullo ao 10 de xullo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

Prazo extraordinario de formalización de matrícula en ESO e bacharelato: 1-10 de setembro

1ª FASE: SOLICITUDES DE RESERVA NO CENTRO DE ADSCRICIÓN (1-17 de febreiro)

- Os pais, nais e/ou titores legais que desexen solicitar a reserva de posto escolar no seu centro de adscrición, deberán presentar solicitude de reserva de posto escolar utilizando o Anexo I (modelo ED550A).
- Poderán presentar a antedita solicitude dun dos seguintes xeitos:
 - a) Entregándoa no centro de orixe do alumno (centro no que está actualmente escolarizado).
 - b) Entregándoa a través da sede electrónica da Xunta de Galicia a través da aplicación web “admisionalumnado”: <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>
- A reserva adquirirá carácter vinculante polo que, se o/a alumno/a resultase admitido/a, deberá formalizar a matrícula en tempo e forma no centro de adscrición.
- A presentación desta solicitude de reserva será incompatible coa presentación de solicitude de admisión noutro centro (salvo renuncia expresa e por escrito presentada no centro de adscrición antes do 1 de marzo).
- A presentación de solicitude de admisión noutro centro estando vinculado por reserva terá os efectos de perda da prioridade.

2ª FASE: SOLICITUDES DE ADMISIÓN EN CENTROS NON ADSCRITOS (1-23 de marzo)

1. Cada alumna e alumno só pode presentar unha única solicitude de admisión no centro no que solicite praza en primeiro lugar. Na solicitude poderá indicar ata seis centros na orde de prioridade que desexe. A infracción desta norma (é dicir, a presentación de solicitudes en máis dun centro) determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.
2. Alumnado que ten garantía de permanencia neste centro educativo, porque xa está cursando estudos nel durante o presente ano:
No caso de presentar solicitude de admisión (Anexo II) noutro centro distinto, deberá comunicalo, ao mesmo tempo, neste centro.
3. Alumnado dos centros adscritos que ten reservada a súa praza neste centro educativo, por teren presentado o Anexo I en febreiro e terse aceptado a súa solicitude:

No caso de que desexe presentar solicitude de admisión (Anexo II) noutro centro distinto, deberá comunicar previamente e por escrito a este centro educativo a renuncia á súa reserva, antes do 1 de marzo.

4. As solicitudes de admisión, dirixidas á dirección dos centros públicos e á titularidade dos centros privados presentaranse mediante un formulario normalizado. Este formulario estará dispoñible para as familias nos seguintes lugares:

- a) Entregando no centro solicitado en primeiro lugar o Anexo II, que pode recoller gratuitamente no centro ou ben descargar dende a páxina web da Consellería:
http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/3anexos_formateadois_ed550b_g.pdf
- b) A través da sede electrónica da Xunta de Galicia:
<https://sede.xunta.gal>
- c) A través da aplicación web “admisionalumnado”:
<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS OFERTADOS POLO CENTRO:

TRANSPORTE ESCOLAR

Regulado na seguinte normativa:

Decreto 160/1988, do 9 de xuño, polo que se regula a prestación dos servizos de transporte escolar e de obreiros de competencia exclusiva da Xunta de Galicia. (DOG 27 de xuño de 1988)

Decreto 65/2014, do 28 de maio, polo que se modifica o Decreto 160/1988, do 9 de xuño.

Orde do 15 de decembro de 1989 reguladora do transporte de escolares e obreiros de competencia exclusiva da Xunta de Galicia. (DOG 9 de xaneiro de 1990). Corrección de erros (DOG 1 de marzo de 1990)

Instrución anual da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria sobre a xestión do servizo de transporte escolar no curso escolar.

COMEDOR ESCOLAR

Regulado na seguinte normativa:

Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación. (DOG 13 de agosto de 2013)

Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (DOG 5 de marzo de 2007)

Orde do 13 de xuño de 2008, pola que se modifica a do 21 de febreiro de 2007.

Instrución anual da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar.